



Facultade de Filoloxía

MEMORIA ANUAL

ANO 2016

SUMARIO

A. Inicio do curso e titulacións

B. Accións desenvolvidas para a garantía de calidade nas titulacións impartidas no centro

1. Plano de acción tutorial (PAT)
2. Sistema de Garantía Interna de Calidade (SIGIC)
3. Plano de continxencia
4. Plano Estratéxico da Facultade (2014-2020) (PE)

C. Accións relativas ás infraestruturas e servizos

1. Adquisición de material informático e audiovisual
2. Actuacións xerais
3. Comité ambiental da Facultade de Filoloxía

D. Accións desenvolvidas no ámbito da extensión universitaria

1. Actividades organizadas pola comisión
 - 1.1. Premio literario
 - 1.2. Letras Galegas
 - 1.3. Despedida das promocións
2. Actividades organizadas polo profesorado
3. Outras actividades

E. Estado actual e actividades do servizo de biblioteca

1. Fondos
2. Persoas usuarias e sistema de empréstitos
3. Persoal e bolsas de colaboración
4. Instalacións e equipamentos
5. Traballos no RUC
6. Tarefas desenvolvidas na biblioteca
 - 6.1. Traballo técnico
 - 6.2. Servizo de apoio á investigación
 - 6.3. Formación
 - 6.4. Outras actividades

F. Mobilidade e internacionalización

1. Visitas de profesorado doutras universidades
2. Profesorado participante da facultade
3. Alumnado implicado nos programas
4. Labores de divulgación
5. Convenios asinados

A. INICIO DO CURSO E TITULACIÓNS

Para alén das titulacións tradicionalmente ofertadas polo centro (graos e mestrados), o comezo do curso 2015-2016 caracterizouse pola implantación dos programas de simultaneidade. Con estas posibilidades de titulacións, unha persoa, matriculándose xa no primeiro curso ou até accedendo no terceiro, pode estudar 324 créditos e conseguir no remate dous títulos de grao dos que hai na facultade en tan só cinco anos (*Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios & Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios; Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios & Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios; Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios & Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios*).

Esta hipótese de estudos, aprobada na Xunta de Facultade na súa reunión ordinaria de 24.02.2015 para despois ser incluída na oferta da CIUG, tivo, no xeral, unha moito boa acollida e fixo que a matrícula aumentase de xeito notábel, para alén de producir un salientábel impacto nalgúns medios de comunicación e de ser obxecto de análise na última *XXIX Conferencia Nacional de Decanatos de Artes e Humanidades* celebrada na Universidade de Oviedo en 26.05.2016¹. Tal posibilidade de cursar dúas titulacións ao mesmo tempo mantívose con parecidas proporcións de suceso no curso 2016-2017, que principiou no día 05.09.2016. Os datos verifican non só un acrecentamento das cifras de matrícula, mais tamén un aumento da media das cualificacións entre o estudantado que accedeu aos programas de simultaneidade. Así, por exemplo, as cifras globais de persoas que iniciaron os grao no centro ascende, en finais de 2016, á cifra nada deprecíbel de 161 estudantes. Na tabela a seguir recóllense os datos globais de matrícula (tirados da última Xunta de Facultade, celebrada en 16.12.2016):

| | Alumnado de 1º (primeira matrícula) | Alumnado total na titulación |
|--|--|---|
| Grao en Inglés | 73 | 273 |
| Grao en Español | 14 | 69 |
| Grao en Galego e Portugués | 6 | 25 |
| Programa de Simultaneidade do Grao en Inglés & Grao en Galego e Portugués | 6 | 17 |
| Programa de Simultaneidade do Grao en Español & Grao en Galego e Portugués | 5 | 12 |
| Programa de Simultaneidade do Grao en Inglés & Grao en Español | 24 | 48 |
| Mestrado Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (MEIAA / IMAES) | 9 | 14 |
| Mestrado en Lingüística Aplicada (MILA) | 4 | 6 |

¹ A información completa para cursar un programa de simultaneidade está dispoñíbel na páxina web do centro (*vid.* <http://www.udc.es/filo/graos/simultaneidade/index.html>); tamén pode accederse a unha descrición máis ao pormenor na mesma rede (*vid.* <http://estudios.udc.es/gl/degrees>).

| | | |
|--|------------|------------|
| Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade (MLCD) | 20 | 20 |
| TOTAL | 161 | 484 |

Tamén no curso 2015-2016 se ofertou por primeira vez na Facultade de Filoloxía a posibilidade de cursar unha dupla titulación internacional para o *Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios*², despois de se asinar un convenio entre a UDC e University of South of Wales, oferta que se mantivo igualmente no curso 2016-2017. Sendo a internacionalización unha liña central da política da institución (*vid. infra*, sección F), a procura de convenios fixo a equipa decanal comezar as negociacións para asinar acordos coas universidades de Perugia, Verona e Lisboa destinadas ao *Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios* e *Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios*, satisfactoriamente concluídas nuns casos e noutras nun avanzado proceso de andamento.

Ora, o máis subliñábel relativamente á oferta académica do centro talvez veña dado pola reimplantación, no curso 2016-2017, do *Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade* (MCLD), despois de ser suspendido no curso 2015-2016 por decisión unilateral do goberno da Xunta de Galiza ao non chegar ao número mínimo de matrícula (20 persoas). Após modificacións notábeis no seu programa de estudos (supresión do itinerario dedicado ao ámbito anglófono, docencia semipresencial concentrada en dous días á semana, ampliación do número de créditos no Traballo Fin de Mestrado (TFM) de 6 a 12, revisións da organización das materias e dos seus contidos, procura da máxima congruencia entre as unidades temáticas nas dúas especializacións restantes –ámbito galego-portugués e hispánico– etc.), o MLCD voltou a se ofertar e conseguiu ter unha matrícula de vinte estudantes, o que garante que se poida novamente contar con esta titulación para o curso 2017-2018. Deste mestrado, como tamén do *Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios*, hai que ponderar a especificidade de seren as únicas titulacións universitarias no SUG que conteñen tanto na súa denominación como nos seus planos de estudo competencias e referencias explícitas ao portugués. Isto favorece o seu afortalezamento, tendo en conta o desenvolvemento da Iniciativa Lexislativa Popular “Valentín Paz Andrade”, causa directa da aprobación pola Xunta no ano 2014 da subsecuente disposición legal (*LEI 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía*)³; nela déixase de manifesto a necesidade de potenciamento dos vínculos entre galego e portugués para aquel “como lingua con utilidade internacional”, de forma a progredir no avance do “desenvolvemento social, cultural e económico” da Galiza.

Do ano 2016 hai que salientatar tamén outras cuestións que afectan directamente os títulos. Unha delas é que o *Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios*, despois de contar cun *Plano de viabilidade* específico (aprobado na Xunta de Facultade de) deixou felizmente de se achar nesta situación desde a acertada interpretación do *RD 222/2011*, en que explicita con clareza que aquelas titulacións que tiveren no mínimo 90 créditos comúns con outros títulos durante o primeiro ano non precisarán de planos de viabilidade. Igualmente, máis un outro

² Vid. http://www.udc.es/filo/estudiantes/mobilidade/doble_grao/index.html.

³ Vid. http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140408/AnuncioC3B0-310314-0001_gl.pdf.

asunto de relevo atinxe o *Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios*, que tamén se acha en parecidas circunstancias. Nos primeiros días do ano 2017 foi remitido un *Informe sobre el cumplimiento y objetivos del Plan de Viabilidad del Grado en Español: Estudios Lingüísticos y Literarios, titulación ofertada por la Facultad de Filología de la Universidad de A Coruña*, requirido pola Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente para o remitir á ASUG; nese documento dábase conta de como todas as accións de mellora contidas no *Plano de viabilidade* foran escrupulosamente cumpridas.

En último lugar, convén sinalarmos que o MEIAA obtivo un informe desfavorábel para o curso 2015-2016 por parte da comisión avaliadora da ACSUG, debido á falta de datos relativa á UDC e á UVIGO causada pola persoa coordinadora doutra universidade. En parceria coas outras institucións participantes, elaborouse un documento coas alegacións pertinentes (concluído en 01.09.2016) que foi a orixe do recente *Autoinforme para a renovación da acreditación*, remitido, xunto con outros referidos ás restantes titulacións do centro remitidos á Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente, neste caso na USC.

B. ACCIÓNS DESENVOLVIDAS PARA A GARANTÍA DE CALIDADE NAS TITULACIÓNS IMPARTIDAS NO CENTRO

No momento actual, como consecuencia das directrices académicas provenientes de Boloña e en tamén como produto do proceso de renovación pedagóxico-docente, concédese moita relevancia ás medidas que implementan a calidade no ensino superior. A Facultade de Filoloxía non é allea a esta realidade e desenvolve regularmente determinadas actividades, ao paso que planifica estratexias de maneira a garantiren a antecitada calidade. Ese conxunto de medidas, en síntese, tivo os seguintes eixos de actuación:

- (1) Plano de Acción Titorial (PAT)
- (2) Sistema de Garantía Interna de Calidade
- (3) Plano de Continxencia
- (4) Plano Estratéxico da Facultade (2014-2020) (PE)

1. Plano de acción titorial (PAT)

Como é sabido, a implantación do PAT na Facultade de Filoloxía iniciouse no ano académico 2007-2008 coa participación do profesorado que leccionaba aulas no primeiro curso das licenciaturas. Desde entón, o PAT do centro atendeu progresivamente un número maior de estudantes, xa que foi atribuído titor ou titora a todo o alumnado de novo ingreso, quer nas antigas licenciaturas en *Filoloxía Galega, Filoloxía Hispánica e Filoloxía Inglesa* (con docencia e asignación de titor/a até ao curso 2012-2013), hoxe extintas, quer nos tres graos ministrados desde o ano académico 2009-2010 na Facultade. Nese ano, como consecuencia da implantación dos programas de simultaneidade, tamén foi atribuído titor ou titora a cada persoa matriculada neles.

Ao mesmo tempo, tamén desde ese ano 2009-2010, o PAT envolveu o alumnado que se matriculou nos diversos mestrados do centro ao longo dos últimos tempos, en parceria ou non con outras institucións académicas: *Mestrado Interuniversitario*

en *Lingüística e as súas Aplicacións* (MILA), xa extinguido; *Mestrado Universitario en Lingua e Usos Profesionais* (MULUP), igualmente extinto; e *Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade* (MLCD), na actualidade, conforme foi dito máis acima, reimplantado no curso académico 2016-2017 con dous itinerarios, ámbito galego-portugués e ámbito hispánico. No ano académico 2015-2016 e no presente 2016-2017, o PAT continuou a ser unha ferramenta estratéxica para acompañar o estudantado matriculado nas titulacións tanto de grao como de posgrao, de forma que a todo o alumnado lle foi asignado igualmente un titor ou unha titora. Hai que lembrar aquí que no inicio do curso 2013-2014 tamén se incorporaron ao PAT o *Mestrado Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións* (MIEIAA), ben como o *Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada* (MILA), cuxos estudantados respectivos dispoñen igualmente de titorización proxectada desde o PAT.

Todo este programa de asesoramento do estudantado tivo como principais consecuencias as seguintes: en primeiro lugar, o PAT conseguiu abranxer todo o alumnado da facultade xa desde o ano 2010. E en segundo lugar, derivado da implantación progresiva dos catro cursos de cada grao e dos diversos mestrados, o número de docentes que participa no PAT conseguiu acrecentarse progresivamente, moito embora fose devagariño e pareza terse estabilizado á volta dunhas corenta persoas: de 36 persoas no curso académico 2011-2012 pasouse para 37 no ano 2012-2013, 43 no ano 2013-2014, 44 no curso 2014-2015, para 40 en 2015-2016 e para 41 no actual curso 2016-2017. Por último, vira preciso deixarmos constancia de a proposta do PAT (2015-2016) ser aprobada en Xunta de Facultade na sesión ordinaria do día 24.07.2015, ao paso que o PAT para o ano curso 2016-2017 foi aprobado na reunión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada en 15.07.2016.

No PAT, o titor ou titora convoca no mínimo tres reunións co alumnado que orienta (aproximadamente unha no comezo do curso, outra no inicio do segundo cuatrimestre e a terceira ao concluír este). Por petición expresa do estudantado, tamén se poden propor máis encontros para desenvolveren neles cuestións puntuais dereivadas do decorrer das aulas. Nas reunións que mantén o Sr. Vicedecano co profesorado implicado no PAT, constitúe un comentario frecuente aquel que sinala o pouco interese en xeral que desperta o programa entre o alumnado. Por isto, nesas mesmas reunións tamén se indica que as entrevistas son unha oportunidade que o titor ou a titora ofrece, mais que a asistencia do alumnado non constitúe unha obriga. A maior parte do profesorado que participou no PAT durante o curso 2015-2016 tamén voltou a implicarse no presente 2016-2017.

Como conclusión xeral, hai que ponderar moito en positivo o desenvolvemento do PAT e o esforzo que supón. A través deste programa, conséguese proporcionar ao estudantado un acompañamento totalmente personalizado desde que ingresa no primeiro ano na titulación até que finaliza os estudos, o que redundará favorabelmente no desenvolvemento da docencia e no proceso de aprendizaxe e adquisición de competencias. De aí que o PAT sexa sentido xeralmente como unha relevante actuación que facilita a relación co alumnado e que se torna unha práctica innovadora que favorece a adopción de medidas para aprimoraren a docencia.

2. Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC)

Durante o curso 2015-2016 certificouse positivamente a implantación do SGIC e tamén se realizou o informe anual de análise de resultados deste para seren incorporadas nas actuacións estratéxicas aquelas melloras que foran recomendadas pola ACSUG. As ditas indicacións foron expostas, explicadas e debatidas, entre outros órganos, nos encontros mantidos pola Comisión de Estratexia e Calidade da Facultade de Filoloxía, os cales tiveron a periodicidade precisa para que o seu funcionamento fose satisfactorio (01.04.2016, 02.06.2016, 22.07.2016, 30.09.2016 e 13.12.2016). Así pois, canto ao PM01 (“Medición, análise e mellora: análise de resultados”), foron estudados sistematicamente, cuns datos procedentes dos resultados da análise de cada un dos procedementos definidos no SGIC. Especial relevancia para esta análise teñen os relativos a necesidades, expectativas e satisfacción dos diferentes grupos de intereses (PA03), aos resultados académicos (PC11) e á inserción laboral (PC13). Este proceso desenvolveuse en dúas fases a ter en conta os eixos tratados nas reunións da Comisión de Estratexia e Calidade que recollidos a seguir:

a) Indicadores da primeira fase

- PA02. Suspensión dos títulos
- PA06. Xestión dos recursos materiais
- PC01. Oferta formativa da UDC que se elabora no centro
- PC04. Selección, admisión e matriculación de alumnado (curso actual)
- PC13. Inserción laboral
- PC14. Obxectivos dos planos de estudo
- PE01. Actualización da política e obxectivos de calidade
- PE02. Política de PDI e de PAS da UDC
- PE03. Revisión do Plano estratéxico da Facultade de Filoloxía (2014-2020)

b) Indicadores da segunda fase

- PA01. Xestión dos documentos e das evidencias
- PA03. Satisfacción, expectativas e necesidades
- PA04. Xestión de incidencias, reclamacións e suxestións
- PA05. Xestión do persoal académico e de administración
- PA07. Xestión de prestación de servizos
- PC02. Revisión e mellora dos títulos oficiais
- PC03. Perfil de ingreso/egreso e captación de estudantes
- PC05. Orientación a estudantes
- PC06. Planificación e desenvolvemento do ensino
- PC07. Avaliación da aprendizaxe
- PC08. Mobilidade do estudantado
- PC09. Prácticas externas
- PC10. Orientación profesional
- PC11. Resultados académicos
- PC12. Información pública
- PC13. Obxectivos dos planos de estudo
- PE02. Política do persoal académico e de administración e servizos da UDC

Así pois, no marco da aplicación e desenvolvemento do devandito PM01 (“Medición, análise e mellora: análise de resultados”) a partir destes indicadores,

traballouse en varias liñas estratéxicas e leváronse a cabo diversas actuacións específicas. Entre as máis relevantes, sobrancean as seguintes:

- a)** Actualización constante da composición dos grupos a ter en as persoas que se fan matriculando ou que solicitaran xustificadamente mudanza de grupo, o que se sinala pertinentemente na páxina web e nas portas das salas de docencia.
- b)** Actualización do plano de seguimento dos egresados.
- c)** Actualización e celebración da *Xornada de Acollida para alumnado internacional / Welcoming session for international students* (02.09.2016) (*vid. infra*).
- d)** Actualización e celebración das *Xornadas de Acollida* destinadas ao estudantado de novo ingreso, as cales tiveron lugar durante os días 5-8 de setembro de 2016 (*vid. infra*).
- e)** Elaboración do perfil ideal de egreso
- f)** Armazenamento, análise e incorporación ao SGIC das peticións, suxestións, queixas, parabenizacións e comentarios diversos que chegan por parte do alumnado e do profesorado en calidade de evidencias.
- g)** Asistencia por parte do Sr. Secretario Xosé Manuel Sánchez Rei ás *XXIV Xornadas de Orientación Universitaria e Laboral* (celebradas durante o mes de abril no CUR e organizadas polo Concello da Coruña e polo Centro Municipal de Información Xuvenil), en que se deu conta, fundamentalmente, das titulacións de grao e de mestrado existentes no centro, dos programas da simultaneidade, dos convenios con universidades estranxeiras e das posibles saídas laborais e profesionais no marco dos estudos lingüísticos e literarios.
- h)** Celebración da *Xornada de Acollida para estudantes internacionais / Welcoming session for international students* do segundo cuadrimestre (04.02.2016) (*vid. infra*).
- i)** Celebración e recepción das visitas organizadas arredor do programa “Visita o teu campus” (promovido polo SAPE), nas cales foi presentado o funcionamento da facultade ao alumnado de varios centros de ensino secundario do país: dotacións, equipa decanal, instalacións, posibles saídas profesionais, interrelación da facultade coa vida económica e cultural da comarca etc. (*vid. infra*).
- l)** Divulgación na maior parte dos centros de ensino secundario do país, e nomeadamente dos da comarca, das titulacións leccionadas na Facultade, quer a través de visitas realizada a eses liceos, quer mediante o envío de información e materiais ou até a través do correo electrónico (*vid. infra*).
- m)** Elaboración de material informativo destinado a estudantes de bacharelato e de graos en que se informa das titulacións que se ofertan no centro e dos programas de simultaneidade.
- n)** Encaixamento permanente da distribución en grupos e da nova proposta horaria para a correcta adaptación á posta en andamento dos programas da simultaneidade.
- ñ)** Entrevistas, en varios medios de comunicación locais ou nacionais, de diversos membros da equipa decanal para explicaren o funcionamento dos graos, dos programas de simultaneidade e da dupla titulación do Grao en Inglés coa University of South of Wales (Cymru).

- o)** Promoción das titulacións ministradas no centro en institucións estranxeiras e sinatura de convenios ou reforzo destes para o recoñecemento de duplas titulacións nalgúns graos e mestrados; eses contactos tiveron lugar nomeadamente coa University of South of Wales, Adam Mickiewicz (Varsovia, Polonia), Jagiellonian (Polonia), Perugia (Italia), Verona (Italia), Lisboa (Portugal) e Instituto Federal do Rio Grande do Norte (Brasil).
- p)** Realización dunha sesión informativa destinada a estudantes de 3º e 4º dos graos (por petición expresa) para presentar a oferta de mestrados do centro (celebrada en 26.11.2016)
- q)** Reforzo da distribución, no primeiro curso dos graos, dun grupo específico (D) para aquelas persoas que se matricularen fóra dos prazos iniciais, de acordo coas coas recomendacións da ACSUG, en que tal proceder foi epigrafado como “boas prácticas”.

Igualmente, para dar cumprimento ao PA03 do SGIC (Procedemento de Apoio 03: satisfacción, expectativas e necesidades) foron xestionados os inquéritos de satisfacción do PDI, PAS e alumnado do centro correspondentes ao ano 2015-2016, en harmonía coas indicacións da UTC⁴. Os resultados foron analizados pola Comisión de Estratexia e Calidade, que os considerou no xeral satisfactorios. E, noutra orde de cousas, canto ao desenvolvemento do proceso de seguimento dos títulos, a Vicerreitoría de Calidade, Títulos e Novas Tecnoloxías organizou durante o ano 2016 varias reunións explicativas co persoal de calidade dos centros, ás cales asistiu sempre o Sr. Vicedecano responsábel da calidade, Carlos Caetano Vizcaíno Fernández.

3. Plano de continxencia

No día 28 de abril de 2016, segundo foi aflorado máis acima (punto 2), a Facultade de Filoloxía recibiu a visita dunha comisión da ACSUG encargada de avaliar o Sistema de Garantía Interna Calidade do Centro. Moito embora o informe final fose positivo, foron detectadas e comunicadas aos membros da equipa decanal algunhas debilidades para así desenvolver algún tipo de accións ao respecto: a escasa participación do alumnado na Comisión de Estratexia e Calidade, o excesivamente complicado manexo das aplicacións informáticas para daren conta do traballo realizado e a necesidade de adoptar algún tipo de medidas tendo en conta a alta media de idade do profesorado do centro.

Así as cousas, dado que as dúas primeiras eivas non dependen directamente da Facultade de Filoloxía (o que non obstou para que fosen aplicadas estratexias ao respecto), foi elaborado un *Plano de continxencia* de forma a estudar a situación do terceiro dos puntos e o que se podía facer ao respecto. O tal documento foi exposto e debatido e posteriormente aprobado na reunión da Comisión de Estratexia e Calidade do día 22.07.2016). Nel deixouse constancia dos seguintes eixos:

- a)** A Facultade de Filoloxía non dispón de capacidade de actuación do punto de vista laboral para abordar a contratación de persoal a curto e a medio prazo: esta réxese polas condicións establecidas na normativa xeral promulgada polo Ministerio de Educación, entre a cal convén subliñarmos o *Real decreto 1312/2007, de 5 de outubro, por que se establece a*

⁴ Vid. <http://enquisas.sic.udc.es>.

acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios e o Real decreto 1313/2007, de 5 de outubro, por que se regula o réxime dos concursos de acceso a corpos docentes universitarios. No ámbito dese marco xeral, a Universidade da Coruña estableceu as súas normas específicas para a contratación de persoal funcionario (*i.e., Normativa que regula os concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios*, aprobada no Consello de Goberno de 29 de abril de 2005) e persoal laboral (*i.e., Normativa por que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado*, aprobada polo Consello de Goberno de 28 de maio de 2004 e modificada nas sesións de 9 de marzo e 28 de xuño de 2007)⁵.

b) O centro, á vista do *Plano de continxencia*, está pronto a desenvolver diversas actuacións que aminoren o impacto das xubilacións que se van producir nos vindeiros anos. As medidas susceptíbeis de se adoptaren parten escrupulosamente da realidade actual e da dos próximos tempos, ben como dunha perspectivación rigorosa das eventuais situacións que puideren producirse.

c) Mais esa asunción de encargo de materias non se poderá desenvolver para alén do que for académica, humana e legalmente posíbel: con efecto, as previsións elaboradas pola equipa decanal da Facultade de Filoloxía permiten ver que nos próximos anos se van poder cubrir esas tarefas docentes, mais tamén abren a porta para unha demorada reflexión no sentido de se non poder manter ese estado de cousas dentro duns anos.

4. Plano Estratéxico da Facultade (2014-2020) (PE)

En último lugar, canto ao PE, na CEC de 01.04.2016 avalíouse o grao de cumprimento dos indicadores do *Plano* definidos para o ano 2015 (en harmonía co procedemento estratéxico PE03 do SGIC) e puido ser constatado. Após os comentarios de varios membros da Comisión de Estratexia e Calidade, e unha vez modificados algúns aspectos mínimos relativos ao PC01, PC04 e PC014, refrendouse nesea reunión.

C. ACCIÓNS RELATIVAS ÁS INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS

No xeral, os edificios en que se acha a Facultade de Filoloxía consérvanse nunhas relativas boas condicións e dispoñen dunhas adecuadas instalacións, o que non obsta para que, con todo, non se faceren necesarios determinados labores de actualización e de reparación. Así pois, as actuacións levadas a cabo neste marco estiveron orientadas primordialmente polo principio de melloraren e modernizaren as infraestruturas xa existentes, ben como pola ansia de solucionaren algunhas eivas conxunturais que foron xurdindo e de arranxaren determinados desperfectos que foron aparecendo de maneira esporádica ao longo do ano. Para dar conta de todo isto, dispúxose dun orzamento de 8.130 € correspondente á partida 625000 (moblaxe e equipamento). Ao mesmo tempo, para as reparacións de carácter ordinario relativas aos edificios, ás instalacións ou aos seus servizos, contouse cun

⁵ Todas estas disposicións legais e outras de carácter complementar poden ser consultadas en <http://www.udc.es/informacion/ga/lexislacionnormativa/regulamentos/normprof/default.asp>.

total de 5.920 € Na presente memoria unicamente se sinalarán aquelas actuacións máis relevantes desenvolvidas nese marco.

No día 21.04.2016 o centro recibiu a visita do Vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade da UDC. Nese encontro, mostrouse interesado polas necesidades do centro e pediu un informe escrito sobre estas. O informe, que atinxía accións que non poderían ser cubertas polos orzamentos da facultade, comprendía as seguintes seccións: I. Aspectos que ocasionan perigo (chanzos con desperfectos, danos na pérgola, filtracións e iluminación insuficiente en caso de emerxencia); II. Necesidades relacionadas coa docencia (insonorización de aulas); III. Incidencias que ocasionan danos no edificio ou materiais (filtracións e humidades); IV. Incidencias que poden ocasionar danos no edificio (acumulación de auga, danos na cuberta, derrubes do terreo); V. Outras necesidades (división do espazo da administración, reparación do pavimento do aparcadoiro, segmentación dos circuitos de calefacción, renovación das persianas de gabinetes de PDI e PAS). Algunhas actuacións e melloras practicadas no centro derivaron directamente dese informe (reparación dunha parte da cornixa exterior do edificio principal, abertura de canalizacións no aparcadoiro para evacuar a auga que se acumula, realización dun plano de conexións de cadros de baixa tensión e das conexións ao grupo electrógeno, detección de fallos nas luces de emerxencia etc.).

Canto ás liñas de traballo de que se ocupou a Comisión de Infraestruturas e Servizos, tiveron os ámbitos de operatividade que se comentan a seguir:

- (1) Adquisición de material informático e audiovisual
- (2) Actuacións de carácter xeral
- (3) Comité ambiental da Facultade de Filoloxía

1. Adquisición de material informático e audiovisual

Entre as actuacións efectuadas ao longo do ano 2016, hai que subliñar as seguintes:

- a) Adquisición dun cadro branco para a sala de traballo en grupo da biblioteca (á petición de persoas usuarias e coa aprobación da directora).
- b) Adquisición dunha nova fotocopiadora.
- c) Compra de diversos estores, móbeis para equipas informáticas das salas, ventoíñas, dous monitores.
- d) Dotación de equipamento informático aos gabinetes 505 e 514.
- e) Instalación na Sala de Graos dun proxector novo, de altas prestacións, e unha conexión con cable HDMI (por cortesía do Centro de Linguas).

2. Actuacións xerais

Por outra parte, ao longo do ano foron levadas a cabo outras accións desenvolvidas nas instalacións do centro, especialmente en labores de manutención. Merecen ser salientados os que se refiren:

- a) Campañas de desinsectación.
- b) Liberalización de diversos materiais, xa dados de baixa, que permanecen aínda nos armacéns do centro.
- c) Limpeza do lixo dos fondos da biblioteca.

- d) Reasignación do uso dos espazos nalgunhas zonas do centro (destinar o espazo 1.55 do andar primeiro para actividades do Comité Ambiental da facultade; asignar a Marcos García González, a Lucas Andrés Martingano Prieto e a Marcos García Salido, bolseiros con docencia, os gabinetes 3, 4 e 5 (EP106, EP107 e EP109) respectivamente; pór o gabinete 505 ao dispor do profesor Jorge Novo Buján, docente da materia Tecnoloxía da Información e da Comunicación; pór ao dispor da profesora Ángela Llanos Tojeiro o gabinete 514; etc.).
- e) Reorganización, durante o período sen docencia das últimas Ferias de Nadal (decembro de 2015 – xaneiro de 2016), do horario de calefacción nas salas (andares 1 e 2) coa finalidade de aforrar enerxía e diñeiro.
- f) Reparación de asentos na Aula Magna
- g) Reparación do chan e dunha caixa de conexións da sala 1.13
- h) Reparacións de escapes de auga e de avarías de electricidade
- i) Reparacións e adaptacións diversas nos cabos de son e de vídeo das salas 1.4, 1.5, 2.4, Aula Magna e Salón de Graos
- l) Revisión e manutención xeral do sistema eléctrico
- m) Seguimento e, cando posíbel, reparación dalgunhas fendas e humidades detectadas no interior do edificio.

3. Comité ambiental da Facultade de Filoloxía

Finalmente, convén subliñarmos a creación do Comité ambiental do centro, integrado por membros do profesorado, estudantado e PAS: Anabella S. Barsagliani Castro (estudiantado, secretaria), Silvia Busto Caamaño (estudiantado), Félix Córdoba Rodríguez (equipa decanal, presidente), Leticia Eirín García (PDI), Cristina Fernández Bernárdez (PDI), Javier Frías Rodríguez (estudiantado), M^a. Carolina González Gil (estudiantado), Carlos López Engelbertink (estudiantado), Francisco Javier Novoa Blanco (estudiantado), Carolina Núñez Puente (PDI), María Pazos Blanco (bolseira OMA), Sonia Rico Alonso (doutoranda), Xerardo Rodríguez Xusto (PAS) e Víctor M. Trillo Sendón (PAS). A súa aprobación e a das normas que o rexen (finalidades, traballos para se desenvolveren etc.) tiveron lugar na Xunta de Facultade do día 15.07.2016⁶.

D. ACCIÓNS DESENVOLVIDAS NO ÁMBITO DA EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

A Comisión de Cultura e Extensión Universitaria da Facultade de Filoloxía (CCEU) é consciente de que, para alén das actividades docentes, a vida académica abranxe necesariamente a organización de eventos culturais, investigadores e de transferencia do coñecemento. Estas accións serven non só para a socialización dos membros da comunidade universitaria, isto é, estudantado, profesorado e PAS, mais tamén como promoción da propia facultade e das titulacións que se leccionan nela e, en último caso, tamen da mesma Universidade da Coruña. Por todo isto, após o pertinente prazo para a presentación de solicitudes de subvención de actividades, a CCEU tentou apoiar todas as propostas que lle foron chegando desde os diversos sectores do centro e procurou manter todas aquelas iniciativas tradicionalmente

⁶ Os datos relativos a este organismos poden ser consultados en <http://www.udc.es/filo/facultade/medioambiente/index.html>

organizadas pola facultade, aplicando os criterios utilizados nos últimos tempos. O orzamento de que dispuxo foi de 5.680 € para o ano 2016. A CCEU celebrou un total de catro reunións (21.01.2016, 25.02.2016, 06.05.2016 e 22.06.2016).

Mais os actos organizados dentro do marco da extensión universitaria non se cinxiron unicamente ás actividades promovidas pola CCEU, pos é preciso facermos notar que un importante sector do profesorado coordinou ou dirixiu diversos eventos de singular suceso. Así, as principais epígrafes en que se poden resumir todos eses labores son as que seguen:

- (1) Actividades organizadas pola CCEU
- (2) Actividades coordinadas polo profesorado
- (3) Outras actividades

1. Actividades organizadas pola comisión

1.1. Premio literario

O primeiro acto que debe ser salientado é o *Premio de Creación Literaria e Ensaio*. No marco deste, foron celebrados varios eventos que se sinalan a seguir:

- a) Edición, publicación e distribución da información destinada ao *XXII Premio de Creación Literaria e Ensaio*, correspondente ao ano 2015.
- b) Convocatoria do *XXIII Premio de Creación Literaria e Ensaio*, correspondente ao ano 2016.
- c) Fallo público do *XXIII Premio* e recital, coa intervención do escritor e estudioso Manuel López Foxo (05.05.2016).

1.2. Letras Galegas

Xunto ao antecitado premio, está a Celebración do Día das Letras Galegas 2016, este ano dedicado a Manuel María, autor especialmente significado para a Facultade por manter unha activa colaboración co centro desde a súa instalación definitiva na cidade da Coruña. De forma a contribuír para a celebración da efeméride, foi organizada unha mesa redonda no día 05.05.2016 en que participaron Manuel López Foxo, experto na poesía do autor homenaxeado e membro do Padroado da Fundación de Estudos Galegos Manuel María, e Xosé Ramón Freixeiro Mato, Catedrático de Filoloxía Galega da UDC e estudioso das características do escritor chairego.

1.3. Despedida

No día 17 de xuño, ás 18h00, tivo lugar o acto de despedida das promocións dos graos e do *Mestrado Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións* (MIEIAA) na Aula Magna do centro. Interveu, no nome do Excmo. Mgfco Sr. Reitor, a Sra. Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente, D^a Nancy Vázquez Veiga, ben como, a Sra. Decana da Facultade de Filoloxía, D^a María Jesús Lorenzo Modia. Tamén houbo intervencións dos padriños e das madriñas dos catro titulacións, ben como de representantes do estudantado delas: D^a. Uxía Gonzalo Canay e D^a. Tamara Paredes Gestal (representantes do alumnado do *Grao en español: Estudos Lingüísticos e Literarios*), Dra. Nieves Pena Sueiro, e D^a. Sonia Rico Alonso (madrinas do grao); D. Cristian Pernas Rubal e D^a. Alba Sánchez Castanedo (representantes do *Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios*), Dra. Laura Tato Fontaíña e Dr. Carlos Caetano Vizcaíno

Fernández (madrinha e padriño do título); D^a. Beatriz Macías Digón e D. Pablo Marín Fernández (representantes do *Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios*), D^a. Emma Lezcano González e Dr. Eduardo Barros Grela (madrinha e padriño da titulación); D^a. Raquel Martínez Neira (representante do MIEIAA).

2. Actividades organizadas polo profesorado

Son aquí incluídas as conferencias, congresos, xornadas etc. en que a organización correu fundamentalmente ao cargo do profesorado da centro ou dos grupos de investigación que traballan nel, ben como aquelas outras que tiveron lugar nas instalacións. Entre tales actividades, cómpre lembrarmos as que se recollen nesta relación:

a) Ciclo *New Trends in English Studies XII*, organizado polo Grupo CLIN do Departamento de Filoloxía Inglesa da UDC:

-Conferencia proferida por Ana María Ramos García (Universidade de Granada), intitulada “Mind your Ps & Qs or the Importance of Pragmatic Competence in FLT” (18.02.2016).

b) Celebración da *II Expo Australia Galicia*, organizada polo Instituto Universitario de Estudos Irlandeses Amergin (15.03.2016).

c) Celebración da maratona de lectura *Irmandades da Fala. Voces de hoxe*, organizada pola Facultade de Filoloxía da UDC (04-08.04.2016).

d) Conferencia impartida por Séverine Delahaye Grélois (Université Paris-Est Créteil) e intitulada i “Don Quijote: ficción de un fan”, so a organización do grupo HISPANIA (05.04.2016).

e) Ciclo *Diálogos de las Américas*, organizado pola Profa. Dra. Carolina Puente (Grupo CLEU):

-Conferencia a cargo de Reinrderth Dhondt (Universidade de Utrecht), intitulada “La narcoficción mejicana entre novela y corrido” (14.04.2016),

f) Ciclo *Políticas culturais na Galiza*, organizadas por profesorado da Área de Filoloxía Galego-Portuguesa:

-Mesa redonda denominada “Políticas culturais institucionais no ámbito local”, en que participaron Goretti Sanmartín Rei (Vicepresidenta da Deputación da Coruña) e José Manuel Sande (Concelleiro de Cultura do Concello da Coruña (07.04.2016).

-Mesa redonda de título “Políticas culturais institucionais no ámbito galego, coa participación de Ramón Villares Paz (Presidente do Consello da Cultura Galega) e Anxo Lorenzo (Secretario Xeral de Cultura da Xunta da Galiza) (14.04.2016).

-Mesa redonda intitulada “A acción cultural de base”, coa participación de María Pilar García Negro (Presidenta da Federación de Asociacións Culturais Galegas “Galiza Cultura” e Iago Barros (representante do Centro Social Gomes Gaioso”) (21.04.2016).

g) Celebración do *First Literature and Globalization Seminar*, coordinado pola Profa. Dra. Begoña Simal (grupo CLEU) (20.04.2016).

Celebración do *III Seminario de Poesía Cancioneril Poesía* minor, organizado polo grupo HISPANIA (26.04.2016).

h) Celebración das lecturas dramatizadas para conmemoraren o *IV Centenario da morte de Cervantes e Shakespeare*, organizadas por varios membros dos tres departamentos da Facultade de Filoloxía: *The Merchant of*

Venice e Hamlet (inglés), *Macbeth* (galego), *El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha* (español) (27.04.2016).

i) Conferencia impartida por Marién Pereira Pérez (Studieskolen de Copenhague), intitulada “Cuando el trabajo es comunicación. Reflexiones sobre la práctica de la enseñanza ELE” e organizada polo grupo HISPANIA do Departamento de Filoloxía Española e Latina (04.05.2016).

m) Celebración dos actos conmemorativos do *Día das Letras Galegas 2016*, coa intervención de Manuel López Foxo e Xosé Ramón Freixeiro Mato (05.05.2016).

n) Ciclo *New Trends in English Studies XII*, organizado polo Grupo CLIN do Departamento de Filoloxía Inglesa da UDC:

-Conferencia proferida por Hadrian Lankiewicz (University of Gdansk), intitulada “Language and Culture: *Matrix*, Virtual Reality and Science Fiction” (10.05.2016).

ñ) Congreso *Region and Nation*, organizado polo Instituto de Estudos Irlandeses Amergin (15-18.06.2016)

o) Seminario Internacional de Poesía *Azul de Cisnes Blancos y aeroplanos del calor*, dirixido pola Profa. Dra. Eva Valcárcel López (19-20.09.2016).

p) Conferencia organizada polo grupo MUSTE do Departamento de Filoloxía Inglesa e proferida por María José Esteve Ramos (Univ. Jaime I de Castelló), intitulada “Change and variation in a multilingual context: a historical vision of the English language” (14.09.2016).

q) Ciclo *New Trends in English Studies XII*, organizado polo Grupo CLIN do Departamento de Filoloxía Inglesa da UDC:

-Conferencia leccionada por Ewa Rogozinska (Univ. of Applied Sciences, Piła, Polonia), co título “How to Write Narratives” (26.09-2016).

-Conferencia leccionada por Elinor Shaffer (British Academy, Univ. Londres e Cambridge) intitulada “The Reception of British Romantic Writers in Europe” (10.10-2016).

-Conferencia proferida por Eugenia Perojo (Universidade de Valladolid), de título “Hugh Blair and the Early Reception of British Literature in Spain” (10.10.2016).

-Conferencia impartida por María Alonso Alonso (Universidade de Vigo), de título “*She is strange and should live in the attic of a house that burns down*”: *Jamaica Kincaid's See Now Then as a contemporary re-writing of Jane Eyre* (16.10.2016)

-Conferencia lida por por Jesús Varela Zapata (Universidade de Santiago de Compostela), intitulada “Enlightened Gulliver: Swift's Social Agenda” (16.10.2016).

r) Congreso *Cervantes e Shakespeare. IV Centenario*, organizado por profesorado da Facultade de Filoloxía e celebrado na Fundación Barrié de la Maza (05-06.10.2016).

s) Ciclo de seminarios *Lingua e ensino*, organizado por Xoán Luís López Viñas e Cilla Lourenzo Modia (17-19-20.10.2017).

t) Congreso Internacional SELICUP, coa colaboración do Instituto Amergin de Estudos Irlandeses: *Cultura popular y hegemonía: su representación en los medios* (19-21.10.2016).

- u)** Curso *O texto literario na era dixital. Creación, divulgación e didáctica*, coa organización do grupo HISPANIA do Departamento de Filoloxía Española e Latina (20-22.10.2016).
- v)** Conferencia proferida por David Pujante (Universidade de Valladolid) e coordinada pola Profa. Dra. Esperenza Morales López, co título “Discursos actuais que constrúen novas propostas sociais e políticas en el estado español” (25.10.2016).
- x)** Seminario leccionado por David Pujante (Universidade de Valladolid) e coordinado pola Profa. Dra. Esperenza Morales López, co título *La perspectiva constructivista (y post-estructuralista en los estudios del discurso)* (25.10.2016).
- z)** Conferencia impartida por Josep Luís Martos (Universitat de Alacant), organizada polo grupo de investigación HISPANIA, intitulada “Poesía, imprenta y filología material” (09.11.2016).
- a’)** Ciclo *New Trends in English Studies XII*, organizado polo Grupo CLIN do Departamento de Filoloxía Inglesa da UDC:
- Conferencia impartida por Maria Donapetri (University of Oxford), co título “The Nineteenth Century: The Age of Mad Women” (24.10.2016).
 - Conferencia impartida por Sonia Villegas (Universidade de Huelva), co título “The Biographical and the Fictional in Charlotte Brontë’s Novels” (24.10.2016).
 - Conferencia impartida por Margarita Estévez Saá (Universidade de Santiago de Compostela), co título “What to do with ‘Bundle of Nerves’? The Writers’ Anxiety in the Characterisation of Nineteenth-Century Heroines in English Literature” (14.12.2016).
- b’)** Ciclo enmarcado no seminario de Investigación *Como se fai unha tese de doutoramento*, organizado polo grupo ILLA do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística.
- Sesión 1ª: Xoán López Viñas, “Unha tese sobre a formación de palabras: metodoloxía, problemas e solucións”; Estefanía Mosquera, “A Lingüística de Internet: cuestións metodolóxicas, dificultades e desafíos” (17.11.2016).
 - Sesión 2ª: Cilla Lourenzo, “Unha pesquisa sobre o teatro galego contemporáneo: a chegada do Teatro Circo”; Alexandre Pérez Vigo, “O estereotipo antigalego: unha tese paso a paso” (24.11.2016).
 - Sesión 3ª: Carlos Callón, “De notas de rodapé a unha tese de doutoramento. Sobre o estudo da homosexualidade na literatura medieval”; Leticia Eirín, “A edición da poesía profana galego-portuguesa como tese de doutoramento” (15.12.2016),
- c’)** Conferencia proferida por Miguel Ángel Pérez Priego (UNED), organizada polo grupo HISPANIA e intitulada “Primera lección de Filología: la edición del texto literario (24.11.2016).

En síntese, perante as actividades realizadas, débese salientar tanto a cantidade de actos levados a cabo canto a diversidade da súa natureza, o que redundará de modo altamente positivo na oferta académica, cultural e investigadora de que é capaz de organizar o profesorado.

3. Outras actividades

No ano 2016, finalmente, foron desenvolvidas diversas actividades de orientación ao estudantado e de promoción das titulacións, e, ao mesmo tempo, tamén se realizaron diversas visitas de varios centros de ensino á Facultade. Todas estas proxeccións dan continuidade a aquelas que se levan realizando nos últimos anos. As visitas que tivo a Facultade de Filoloxía desenvolvéronse ao abeiro do programa “Visita o teu Campus”⁷ desde xaneiro até ao mes de abril de 2016 e teñen como destinatario fundamental o alumnado da ESO (de 3º e 4º), do Bacharelato e da Formación Profesional. Preténdese con estas actividades que o futuro estudanado universitario coñeza directamente nas propias facultades, da man do profesorado e do alumnado, os títulos de grao que se imparten na UDC, neste caso os leccionados na Facultade de Filoloxía; nese marco, pois, as visitas que se recibiron foron as referidas a seguir⁸:

| Centro | Localidade (e provincia) | Data da visita |
|-----------------------------|-----------------------------|----------------|
| IES David Buján | Cambre (A Coruña) | 21.01.2016 |
| IES Isaac Díaz Pardo | Sada (A Coruña) | 28.01.2016 |
| IES de Ponteceso | Ponteceso (A Coruña) | 04.02.2016 |
| IES Fragas do Eume | Pontedeume (A coruña) | 11.02.2016 |
| IES de Breamo | Pontedeume (A Coruña) | 12.02.2016 |
| IES de Ortigueira | Ortigueira (A Coruña) | 18.02.2016 |
| Colexio Padres Franciscanos | Lugo | 19.02.2016 |
| IES de Leixa | Ferrol (A Coruña) | 26.02.2016 |
| IES Urbano Lugo | A Coruña | 03.03.2016 |
| IES Xosé Neira Vilas | Perillo, Oleiros (A Coruña) | 04.03.2016 |
| IES Alfonso X O Sabio | Cambre (A Coruña) | 10.03.2016 |

⁷ Vid. https://www.udc.es/sape/futuros_estudiantes/.

⁸ O cómputo está feito sobre os encontros realizados, pois deuse máis algún caso en que, por motivos de última hora, houbo que suspender / adiar a visita. Tal é o que aconteceu co IES Carballo Calero (Ferrol, A Coruña), marcada para o día 08.04.2016 e que foi cancelada ao non haber estudantes. Tamén no día 29.04.2016 tivo de se suspender a inicialmente programada por coincidir coa festividade do patrón da facultade.

| | | |
|---|-----------------------------------|------------|
| IES Monte das Moas | A Coruña | |
| IES Agra de Leborís | Laracha (A Coruña) | 17.03.2016 |
| Colexio Fillas de Cristo Rei | O Carballo, Oleiros (A Coruña) | 31.03.2016 |
| IES Miraflores | Oleiros (A Coruña) | 01.04.2016 |
| IES Cabo Ortegal | Cariño (A Coruña) | 07.04.2016 |
| CPR Pluringüe Calasancias | A Coruña (A Coruña) | 14.04.2016 |
| Colexio Calasanz – Padres Escolapios | A Coruña (A Coruña) | 28.04.2016 |

Relativamente a actividades máis específicas, pensadas nomeadamente para a información do alumnado, sobrancen as seguintes, algunhas organizadas conxuntamente coa Comisión de Relacións Internacionais da Facultade de Filoloxía ou con outros órganos da UDC:

- a) Reunión informativa sobre a mobilidade, intitulada “Queres participar nunha mobilidade Erasmus ou bilateral no curso 2016-2017?” (12.02.2016).
- b) Xornada de Orientación Laboral “Define o teu perfil: prácticas internacionais desde a UDC” (04.03.2016).
- c) II Edición do *Programa de mellora da empregabilidade nos centros da UDC* (organizado en colaboración coa Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria)
 - Seminario de “Fomento da Cultura Emprendedora para Filoloxía”, impartido por persoal de autoemprego de Emprego UDC (10.03.2016).
- d) I Xornada de orientación laboral “Abre a porta ao mundo laboral”, coa intervención de Rosa Villar Mouro (Fundación Universidade da Coruña) e Tái Mancebo (Algueirada Sociedade Cooperativa Galega) (28.10.2016).
- e) Xornadas de acollida para alumnado internacional / Welcoming session for international students (02.09.2016).
- f) Xornadas de acollida para novo alumnado de 1º (05-8.09.2016).

Canto aos programas de mobilidade, entre as actuacións desenvolvidas pola Oficina de Relacións Internacionais da UDC e a Comisión de Relacións Internacionais, deuse publicidade ás convocatorias dos programas Erasmus+” e “Bilateral.

E. ESTADO ACTUAL E ACTIVIDADES DO SERVIZO DE BIBLIOTECA

A pesar dos vinte e oito anos da existencia da Universidade da Coruña, e subsecuentemente tamén da Facultade de Filoloxía, os fondos existentes na biblioteca do centro sobordan a nada deprecíbel cifra de 110.000 volumes. A maior parte deles áchase en acceso directo, se ben que uns poucos de conxunto global, localizados do Fondo de Reserva, precisan de licenza para seren consultados. A respecto dano 2016, este supuxo para a biblioteca a activación dun novo servizo de apoio á investigación que ten como obxectivo ofertar aos investigadores e ás

investigadoras da facultade servizos de autoría e filiación, identidades dixitais, e axuda na acreditación e na obtención de sexenios. Do punto de vista económico, convén sinalarmos que existen dous momentos nos orzamentos da UDC para a adquisición de fondos bibliográficos.

- a) En xaneiro, o orzamento para material bibliográfico asignase só á partida de biblioteca (6130-122B-62800) e a cantidade é de 29.809€ a mesma cantidade que no ano 2015 . A comisión de biblioteca decide gardar a proporcionalidade co reparto feito en anos anteriores e acorda que 30% desta cantidade ficase como gasto centralizado da biblioteca e que 65% fose repartido entre as áreas con docencia en graos e mestrados na Facultade.
- b) En maio de 2016 comunícase aos centros a aplicación dunha nova redución do crédito, nesta ocasión de 8.544€

En síntese, eis os datos numéricos:

a) Orzamentos para fondos bibliográficos

| | |
|---|---------|
| TOTAL PARTIDA | 29.809 |
| Orzamento centralizado (35%) + áreas de coñecemento (65%) | 21.365€ |

b) Outros orzamentos:

| | |
|---|------------|
| Orzamento de investigación (grupos, proxectos) | |
| Total partida | 15.330,18€ |

| | |
|--------------------------------------|-----------|
| Orzamento material de oficina | |
| Total partida | 1.290,45€ |

Para alén de asuntos fundamentalmente económicos, o funcionamento da biblioteca pode resumirse nos seguintes puntos:

- (1) Estado dos fondos
- (2) Persoas usuarias e sistema de empréstitos
- (3) Persoal e bolsas de colaboración
- (4) Instalacións e equipamentos
- (5) Traballos no RUC
- (6) Tarefas desenvolvidas na biblioteca

1. Estado dos fondos

A compra de material bibliográfico corresponde a solicitudes feitas polo profesorado para apoio á investigación e á docencia, a títulos de bibliografía recomendada nas guías docentes, a solicitudes formuladas polo propio estudiantado e a persoas usuarias externas. A maior parte das adquisicións foi feita á Librería Pons, Librería Xiada, Livaria Suévia, Pórtico Librerías e Starkmann. Así as cousas, no día 31 de decembro de 2016, a colección da biblioteca constaba de 110.149 monografías en papel. Desa cifra, convén subliñarmos a incorporación de 1.637 volumes de novo ingreso, dos cales 1.007 chegaron a través da compra e 630

mediante a doazón ou o intercambio. Canto ao fondo de publicacións periódicas, é composto por 1.238 títulos, dos cales 244 están abertos en formato papel e 994 fechados. Noutra orde de cousas, o material non libresco da biblioteca (cartaces, discos compactos, DVDs, fotografías etc.) chega á cifra de 5.612.

No referente ás revistas, ten de se salientar que no mes de xuño o Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica da UDC acordou iniciar unha nova licitación, para a cal o Servizo de Biblioteca solicitou que o orzamento destinado á adquisición de revistas estranxeiras fose reducido en 20%. Isto significou para a Facultade de Filoxía unha redución de 5.684€ dos 28.422,72 € asignados no ano 2016.

Os títulos que se deron de baixa foron estes:

| Nome | ISSN |
|---|-----------|
| GAZETTE DU LIVRE MEDIEVAL | 0753-5015 |
| ATENE E ROMA | 0004-6493 |
| BULLETIN DE L' ASSOCIATION GUILLAUME BUDÉ | 0004-5527 |
| ALTERNATIVES THEATRALES | 0774-4145 |
| SEIZIEME SIECLE | 0294-1414 |
| L INFORMATION GRAMMATICALE (STANDING ORDER) | 0222-9838 |
| ANNALI DELL ISTITUTO UNIVERSITARIO ORIENTALE DI NAPOLI: SEZIONE ROMANZA | 0547-2121 |
| STUDI DI LETTERATURA FRANCESE | 0585-4768 |
| LANGAGE ET L HOMME REVUE DE DIDACTIQUE DU FRANCAIS - LIBRARIES | 0458-7251 |
| NOUVELLE REVUE D ONOMASTIQUE | 0755-7752 |
| ATTI E MEMORIE DELL'ACCADEMIA TOSCANA DI SCIENZE E LETTERE COLOMBARIA | 0392-0836 |
| LA QUINZAINE LITTERAIRE | |
| ETUDES DE LETTRES | 0014-2026 |
| MOUSEION | 1496-9343 |
| FAITS DE LANGUES | |
| CAHIERS DE AIEF | 0571-5865 |
| SILENO | 1128-2118 |

| | |
|---|-----------|
| XVII SIECLE (DIXSEPTIEME SIECLE) | 0012-4273 |
| PHOENIX | 0031-8299 |
| EUROPE - REVUE LITTERAIRE MENSUELLE | 0014-2751 |
| ACTUALITE DE LA SCENOGRAPHIE | 0986-1351 |
| MAGAZINE LITTERAIRE (LE) INCL HORS SERIES | |
| STRUMENTI CRITICI | |
| CLASSICAL ANTIQUITY | 1067-8344 |
| CULTURA NEOLATINA | 0391-5654 |
| ZEITSCHRIFT FOR FRANZOSISCHE SPRACHE UND LITERATUR | 0044-2747 |
| LINGUISTISCHE BERICHTE WITH EXTRA BILLED SPECIAL ISSUE = SONDERHEFT | 0024-3930 |
| PHONETICA | 1423-0321 |
| [COLLANA DI TESTI E STUDI ISPANICI (SERIE III:) STUDI ISPANICI) | |

2. Persoas usuarias e sistemas de empréstimos

Relativamente á utilización que se fixo dos materiais bibliográficos e ao sistema de empréstimos, os datos que se coñecen no día 31 de decembro de 2016 son os que se sinalan na seguinte táboa:

| ESTADÍSTICA DE CIRCULACIÓN (EMPRÉSTIMOS) | | |
|---|------------|-------|
| Xaneiro-decembro 2016 | | |
| Tipo de persoa usuaria | Percentaxe | Total |
| Estudantado | 25.0% | 3348 |
| Alumnado 3º ciclo | 4.0% | 534 |
| Persoal de administración e servizos | 6.6% | 883 |
| Autorizado externo | 12.5% | 1672 |
| Profesorado | 18.6% | 2497 |
| Profesorado visitante | 1.0% | 136 |
| Estudantado de fin de carreira | 14.2% | 1903 |
| Usuario da biblioteca | 4.9% | 652 |
| Préstamo interbibliotecario | 1.1% | 147 |
| Erasmus | 3.7% | 493 |
| Sénior | 0.0% | 1 |
| Mestrados | 7.3% | 974 |
| Bolseiras e bolseiros de | 1.2% | 156 |

| | | |
|---------------|---------------|--------------|
| investigación | | |
| Total | 100.0% | 14727 |

3. Persoal e bolsas de colaboración

Noutra orde de cousas, o cadro de persoal da biblioteca mantense como o do ano anterior:

(a) Quenda de mañá

Directora: Marta Lago Méndez
 Bibliotecaria: Carmen Rodríguez Veiga
 Auxiliar Técnico de Biblioteca: Xerardo Rodríguez Xusto.

(b) Quenda de tarde

Bibliotecaria: Rosa Martínez Val
 Auxiliar Técnica de Biblioteca: Patricia Rodríguez Blanco

Canto ás Bolsas de Biblioteca, en setembro de 2016 incorporáronse dúas novas persoas no marco da *Convocatoria de bolsas de colaboración para a formación complementar do estudiantado da Universidade da Coruña. Curso 2016/2017*. A duración das bolsas é de 9 meses entre o día 1 de outubro de 2016 e até ao día 30 de xuño de 2017, cunha dedicación de 8 horas semanais, sen a dedicación diaria poder exceder as 4 horas. As persoas adxudicatarias das anteditas bolsas Alba Osorio López e María Carolina González Gil.

4. Instalacións e equipamentos

Ao longo deste ano, leváronse a cabo algunhas actuacións mínimas destinadas a melloraren o servizo e os recursos existentes. Porén, hai que sinalar que non houbo mudanzas nas equipas informáticas a respecto do ano 2015, que se manteñen como se indica no seguinte cadro:

| | |
|----------------------------|---|
| Escáner da oficina | 1 |
| Escáner para uso público | 1 |
| Reprodutor Dvd/Blu-Ray/Vhs | 5 |
| Tv | 2 |
| Equipo de dixitalización | 2 |
| Reprodutor de cassetes | 2 |
| Lector de microfilmes | 1 |

No referente aos equipos informáticos xerais, non houbo mudanzas substanciais relativamente ao ano 2015, segundo se sinala a seguir:

| | |
|---|---|
| PC oficina | |
| Dirección | 1 |
| Sala de catalogación | 2 |
| Mostrador préstamo | 1 |
| Biblioteca-Arquivo Francico Pillado Mayor | 1 |

| Opac/PC consulta | |
|-------------------------|---|
| Andar -1 | 1 |
| Andar 0 | 2 |
| Andar 1 | 1 |
| Andar 2 | 1 |

| PC consulta | |
|--------------------|---|
| Andar 0 | 2 |

| Impresoras oficina | |
|---------------------------|---|
| Total | 4 |

| Impresoras públicas | |
|----------------------------|---|
| Total | 3 |

No concernente ás instalacións, convén subliñarmos que a sala de traballo con oito postos continúa a ser uns dos espazos máis solicitados durante o ano 2016, a termos en conta o suceso na súa ocupación (100%).

5. Traballos no RUC

O Repositorio Institucional da Universidade da Coruña (RUC) recolle, difunde e preserva as publicacións dixitais en acceso aberto, produto da actividade científica e institucional da UDC. Desde a biblioteca do centro son introducimos e publicados os traballos dos investigadores e das investigadoras que o indicaren, ben como os traballos de fin de grao (TFG) e de mestrado (TFM) que foren seleccionados polas respectivas comisións.

| | |
|------------------------|----------|
| TFM (2015/2016) | Total: 2 |
|------------------------|----------|

| | |
|------------------------|----------|
| TFG (2015/2016) | Total: 0 |
|------------------------|----------|

| | |
|---|-----------|
| Traballos/artigos do profesorado e das persoas investigadoras (2016) | Total: 94 |
|---|-----------|

6. Tarefas desenvolvidas na biblioteca

6.1. Traballo técnico

A continuar a liña de anos anteriores, as tarefas máis salientábeis desenvolvidas polo persoal da biblioteca foron as seguintes:

- a) Selección e adquisición dos fondos bibliográficos adecuados ás titulacións impartidas no centro, con especial atención á bibliografía recomendada para as materias leccionadas na facultade. Está dispoñibel na biblioteca a maior parte dos títulos recomendados e foron adquiridos máis exemplares dos libros solicitados polas persoas usuarias.
- b) Adquisición de obras de novo ingreso para os cursos de grao e para os mestrados. Entre os meses de xullo e setembro actualizouse no programa Millenium, na súa aplicación de reserva de cursos, toda a bibliografía recomendada por profesor e materia.
- d) Catalogación de todas as monografías de novo ingreso, quer por compra, quer por doazón ou intercambio.

- e) Selección, exposición e renovación das monografías de novo ingreso no lugar do centro acondicionado para tal fin.
- f) Baleirado analítico de todos os artigos publicados polo profesorado da facultade e existentes nas publicacións da biblioteca do centro.
- g) Baleirado de artigos na base de datos Dialnet, que é un portal integrador de recursos (libros, revistas, teses...) e unha das principais bases de datos de contidos no mundo hispánico.
- h) Baleirado na base de datos Dialnet de monografías publicadas polo Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña que conteñen traballos publicados polo profesorado da facultade.
- i) Rexistro automatizado, selado e magnetizado de todos os números de revistas ingresados na hemeroteca.
- l) Control e envío a outras universidades dos duplicados de publicacións periódicas.
- m) Estudo da colección e, se necesario, traslado ao depósito dos volumes de monografías de escasa utilización.
- n) Realización do inventario dos fondos existentes na biblioteca: ao longo do ano realizáronse diversos recontos dos fondos de libros. Estes traballos serviron para se detectaren documentos extraviados, mal colocados ou deteriorados. A cifra final o número de libros extraviados foi de 21, o que supón unha número pouco representativo dado o volume de consultas e o cómputo xeral dos fondos⁹.
- ñ) Inventario e actualización de todos os títulos de revistas que enforman a colección da hemeroteca da Facultade; con estas tarefas foran detectados exemplares mal colocados, erros tipográficos no catálogo e varios números desaparecidos.

6.2. Servizo de apoio á investigación

A posta en andamento deste servizo supuxo, por un lado, a creación de novos perfís dixitais (Orcid, Google Scholar, Research id), dos cales se beneficiaron 13 membros do PDI. Por outro lado, tamén implicou a colaboración/apoio na procura de información bibliométrica para a obtención de sexenios, o que abranxeu un total de 7 membros do PDI.

6.3. Formación

Entre as actividades desenvolvidas polo persoal da biblioteca cómpre salientarmos o curso de presentación do servizo ao alumnado de novo ingreso, organizado no marco das *Xornadas de acollida* no mes de setembro (*vid. supra*). Tamén se impartiron varios seminarios específicos, pensados nomeadamente para esudantado dos últimos cursos de grao, dos mestrados e do doutoramento:

- a) Curso sobre iniciación da biblioteca para o estudiantado 1º curso dos graos (05-8.09.2016): 96 estudantes:
- b) Curso sobre recursos electrónicos da BUDC para o alumnado dos mestrados (11.10.2016): 6 estudantes
- c) Obradoiros de extratexia e visibilidade: 9 membros do PDI (4 horas cada cal).

⁹ Sobre este particular, cómpre sinalarmos que, relativamente ao ano 2015, se experimentou unha importante redución de exemplares extraviados ao pasar de 53 nese tempo aos 21 actuais.

6.4. Outras actividades

Xa en último lugar, na sección doutros eventos organizados polo Servizo de Biblioteca, convén pór en destaque os seguintes:

- a) Colaboración na maratona de lecturas de textos para *As Irmandades da Fala-Voces de hoxe* (04-08.04.2016) e entrega do carné de Irmán dos amigos da fala aos participantes.
- b) Exposicións bibliográficas na Biblioteca:
 - Letras de Entroido (febreiro 2016)
 - Exposición Partilla Rosalía (marzo 2016)
 - I centenario do nacemento das Irmandades de Fala (abril 2016)
 - Cervantes e Shakespeare (abril-maio 2016)
 - Exposición por mor do Día das Letras galegas de Manuel María (maio 2016)
 - Exposición e creación de marca páxinas (xuño-setembro 2016):
 - Pequenos lectores, grandes pensadores (decembro 2016 – xaneiro 2017)

Por outra parte, tamén se desenvolveu este ano a *VIII Campaña de transmisión de libros*, cun total de 447 exemplares liberados, produto das doazóns do servizo de publicacións, doutras institucións, dos duplicados da biblioteca e de contributos de varios membros do profesorado.

F. MOBILIDADE E INTERNACIONALIZACIÓN

A Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña aposta firmemente nos programas que facilitan o intercambio de estudantes e de profesorado con outras institucións académicas. Boa proba disto é que se trata do centro que máis alumnado estranxeiro recibe percentualmente de toda a UDC. A Comisión de Relacións Internacionais da facultade, presidida pola Sra. Vicedecana María Jesús Cabarcos Traseira, encárgase de xestionar eses convenios e de asesorar o estudantado das titulacións ofertadas no centro que participa en tales convocatorias de internacionalización, ao paso que tamén se ocupa dos labores de acompañamento de estudantes provenientes do estranxeiro que veñen á Facultade de Filoloxía.

A mobilidade, ao lado da calidade da docencia e da investigación, é considerada presentemente un dos alicerces do ensino universitario. Non se torna extraño, por tanto, que vire un dos indicadores máis valorizados nas avaliacións das axencias públicas de calidade, do cal é plenamente consciente a Facultade de Filoloxía. Neste sentido, varios son os aspectos capaces de sintetizaren a proxección dese intercambio internacional, en harmonía cos programas xa existentes, do tipo Erasmus+, Erasmus Mundus, Leonardo da Vinci etc.¹⁰ Na reunión da Xunta de Facultade de 16.12.2015 aprobouse por asentimento a listaxe de nomeamentos de titoras e titores académicos de intercambio propostos, cuxa figura vén recollida no *Regulamento de Mobilidade Internacional da UDC* (aprobado polo Consello de Goberno do día 20.12.2012).

¹⁰ Vid. <http://www.udc.es/ori/internacionalizacion/index.html>.

No xeral, o ámbito da internacionalización pode resumirse nas seguintes seccións:

- (1) Visitas de profesorado doutras universidades
- (2) Profesorado participante da facultade
- (3) Alumnado implicado nos programas
- (4) Convenios asinados

1. Visitas de profesorado doutras universidades

Ao longo do ano 2016, no marco do programa de mobilidade Erasmus, a Facultade recibiu 8 visitas:

| Docente | Universidade de orixe | Comezo da mobilidade | Fin da mobilidade | Programa de mobilidade |
|-----------------------------|---|----------------------|-------------------|------------------------|
| Brzozowska, Dorota | Uniwersytet Opolski | 07.11.2016 | 11.11.2016 | Erasmus-STA |
| Delahaye Grémois, Séverine | Université Paris Est Créteil – Val de Marne | 04.04.2016 | 06.04.2016 | Erasmus-STA |
| Dhondt, Reindert | Universiteit Utrecht | 08.04.2016 | 14.04.2016 | Erasmus-STA |
| Kruminiene, Jadvyga | Vilniaus Universitetas | 22.09.2016 | 27.09.2016 | Erasmus-STT |
| Lewandowska, Maria | Państwowa Wyższa Szkoła Zawodowa we Włocławku | 26.04.2016 | 27.04.2016 | Erasmus-STT |
| Osekowska-Sandecka, Jolanta | Uniwersytet Zielonogórski | 04.04.2016 | 08.04.2016 | Erasmus-STA |
| Rogozinska, Ewa | Panstwowa Wyższa Szkoła Zawodowa im. Stanisława Staszica w Pile | 21.09.2016 | 27.09.2016 | Erasmus-STA |
| Slezaite, Indre | Vilniaus Universitetas | 22.09.2016 | 27.09.2016 | Erasmus-STT |
| Sobańska, Małgorzata | Państwowa Wyższa Szkoła Zawodowa we Włocławku | 26.04.2016 | 27.04.2016 | Erasmus-STT |

2. Profesorado participante da facultade

Igualmente, tendo en conta os datos dispoñíbeis presentemente, participaron en accións de internacionalización as seguintes persoas:

| Docente | Universidade de destino | Comezo da mobilidade | Fin da mobilidade | Programa de mobilidade |
|----------------------------------|--|----------------------|-------------------|---------------------------|
| Cabarcos Traseira, María Jesús | Università degli Studi di Verona | 13.10.2016 | 14.10.2016 | Erasmus-STA |
| Doolittle, Timothy | Universitatea Tehnica ‘Gheorghe Asachi’ din Iași | 16.05.2016 | 17.05.2016 | Internacionalización (TS) |
| Fernández Pérez-Sanjulián, Carme | Uniwersytet Warszawski | 09.05.2016 | 11.05.2016 | Erasmus-STA |
| López Viñas, | Universidade | 19.05.2016 | 20.05.2016 | Erasmus-STA |

| | | | | |
|-------------------------------|---|------------|------------|------------------------------|
| Xoán Luís | Nova de Lisboa | | | |
| Lorenzo Modia, María Jesús | Università degli Studi di Verona | 13.10.2016 | 16.10.2016 | Internacionalización (TS) |
| Núñez Puente, Carolina | Universiteit Utrecht | 16.03.2016 | 23.03.2016 | Erasmus-STA |
| Núñez Puente, Carolina | Università degli Studi di Bari 'Aldo Moro' | 02.12.2016 | 08.12.2016 | Erasmus-STA |
| Rodríguez González, Olivia | Uniwersytet Warszawski | 30.03.2016 | 05.04.2016 | Erasmus-STA |
| Valcarcel López, Maria Eva | Università degli Studi di Padova | 16.05.2016 | 20.05.2016 | Erasmus-STA |

Ao mesmo tempo, moito embora non teña de constar nesta relación, tamén hai que facer referencia ao profesorado que realizou estadias docentes ou de pesquisas no marco doutros programas ou circunstancias académicas (licenzas sabáticas, encontros de investigación, seminarios en institucións diferentes da UDC etc.), contribuíndo así a proxectar no exterior o centro e a propia universidade.

3. Alumnado implicado nos programas

Tal como foi sinalado máis arriba, a Facultade de Filoloxía é o centro da Universidade da Coruña que maior percentaxe de estudantado estranxeiro recibe nas súas salas, o que a converte sen dúbida nunha das referencias na internacionalización do alumnado. En cifras actuais, centrándonos no ano académico 2015-2016, recibíronse 113 estudantes, en canto no presente curso 2016-2017, o número, aínda provisorio, chega a 107; ese alumnado é procedente de diversos países americanos, asiáticos e europeos (Alemaña, Bélxica, China, Chipre, Corea, Estados Unidos, Finlandia, Franza, Hungría, Irlanda, Italia, Lituania, Noruega, Países Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido, Romenia, Tailandia, Turquía etc.).

Por súa vez, canto ao estudantado de aquí, no curso 2015-2016, 19 persoas da facultade decidiron envolverse nestes programas de mobilidade e foron cursar unha parte dos seus estudos ás universidades con que existen tales acordos. No tocante ao ano 2016-2017, houbo 22 estudantes saíntes, mais, a este respecto, interesa ponderar que na actualidade aínda se está á espera de recibir datos sobre a situación final do alumnado do presente curso, co que se espera, igual que acontecua no curso pasado, un certo acrecentamento durante o segundo cuadrimestre.

4. Labores de divulgación

Unha tarefa importante para promocionar a posibilidade de cursar estudos fóra asenta nas actividades destinadas a divulgaren tal alternativa. Por iso, para alén de responder puntualmente as dúbidas que puideren xurdir entre o alumnado relativas aos programas de mobilidade, foron celebrados varios encontros informais ou formais co estudantado para lle explicar como participar neses programas. No día 12.02.2016 foi celebrada unha reunión informativa intitulada “Queres participar nunha mobilidade Erasmus ou Bilateral no curso 2016/2017?”, a que asistiu un relevante número de estudantes.

5. Convenios asinados

Finalmente, ao longo do ano 2015 foron renovados ou tramitados convenios con diferentes universidades que posibilitarán novas modalidades de intercambio ou que contribuirán para asentar as xa existentes: Aichi (Xapón), Bruxelas (Bélxica),

Évora (Portugal), Guadalajara (México), Kazán (Tatarstán / Federación Rusa), Lisboa (Portugal), Perugia (Italia), Rio Grande do Norte (Brasil), San Diego (Estados Unidos), Worcester (Reino Unido), Zielonogórski (Polonia), Verona (Italia) etc.